

Reintegro gastos individuais de formación 2018

Artigo 1

Valoramos positivamente o incremento da dotación orzamentaria.

Artigo 2

Cando se di que poderá solicitar os ditos reintegros o persoal docente “funcionario de carreira”, débese indicar tamén “funcionario en prácticas” e “interino”.

Na liña do disposto na lexislación europea, consideramos que o profesorado interino debe ter dereito a recibir os reintegros individuais en igualdade de condicións có resto do profesorado, sen que se estableza unha orde de prelación.

[A administración di que o persoal interino está recollido, nós non compartimos que ter acceso aos “restos” sexa estar incluído, tamén din que valorarán poder incluír ao persoal funcionario en prácticas.](#)

Artigo 3

Nel indícase para que actividades de formación se concederán os reintegros, non consta entre as temáticas relacionadas o fomento e normalización da lingua galega.

Comprobamos que se incrementou o máximo asignado ás actividades de formación tipo I e II (Galiza e Estado). Pedimos que se nos aclare como se fai a distribución do montante total entre os distintos tipos; de sabelo, poderíamos achegar propostas.

En canto a que as contías percibidas están suxeitas ás retencións que legalmente lles correspondan, insistimos, como en anteriores convocatorias, en que non se trata dun rendemento do traballo senón dunha axuda asimilable ás dietas de desprazamento que non están suxeitas a retencións. A Administración educativa debe negociar este tema coa Axencia Tributaria xa que esta fai unha interpretación que prexudica ao profesorado. [A administración di que é un tema da axencia tributaria.](#)

Artigo 4

Debería haber só unha quenda que quede aberta todo o ano e non ter que facer a solicitude con antelación. O último día do prazo para a presentación das solicitudes é do 10 de outubro e non sempre se coñecen todas as actividades que se poden realizar ata decembro con anterioridade a esa data. [Non o van a modificar.](#)

Artigo 6

Solicitamos formar parte da comisión de valoración.

Non estamos de acordo en que na orde de prelación de persoas beneficiarias ocupe o primeiro lugar a modalidade 6 de licenzas por formación (perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior).

Neste artigo débese eliminar na orde de prelación o apartado c que coloca ao persoal interino en último posto á hora de poder acceder aos reintegros.